



Asunto: Listaxe provisional de admitidos/excluidos APROLRURAL 2022

DECRETO DE ALCALDÍA

D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, que ostenta a competencia para a selección do persoal, aproba-las bases para a selección e efectuar a convocatoria da praza de que se trate, conforme ós artigos 21.1.g), 21.1.h) e 102.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Mediante Decreto con data de 24 de maio de 2022, esta Alcaldía convocou un procedemento público para proceder a selección de UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

Resultando que, de conformidade coa Base 5a que rexe o presente proceso selectivo, procedeuse a solicitar ao Servizo Público de Emprego un listado de persoas candidatas mediante a correspondente oferta de emprego.

“O Concello de Mazaricos solicitará ó Servizo Público de Emprego, a través dunha oferta de emprego, que remita unha lista de persoas que cumpran os requisitos para acceder ás prazas convocadas, cun máximo de 4 PERSOAS POR PRAZA OFERTADA. O Concello de Mazaricos convocará aos participantes remitidos pola oficina de emprego dándolles un prazo para presentarse nas súas oficinas”.

Visto que o 25 de maio de 2022 o SEPE remitíu un listado con 10 persoas candidatas coas que o Concello contactou establecendo como prazo de presentación nas oficinas municipais o día 27 de maio.

Visto que, de conformidade coa Base 5ª os candidatos dispón dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de solicitudes, prazo que rematou o día 3 de xuño de 2022.

“As persoas preseleccionadas pola oficina de emprego que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar unha instancia, seguindo o modelo ANEXO-I que figura como anexo ás presentes bases e que incluírá a manifestación de que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria. A solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral Municipal, durante o prazo de CINCO (5) días hábiles contados a partir do día sinalado para presentarse no Concello de Mazaricos. O prazo de presentación de solicitudes conclúe ás 15:00 horas do último día do devandito prazo”.

Tendo en conta os escritos presentados por D. Rafael Trillo Carreira e D. Manuel Castro Rodríguez comunicando a imposibilidade de acreditar o nivel de estudos non tendo, por tanto, posibilidade de continuar neste proceso selectivo.

Tendo en conta o disposto no artigo 14.2 da Orde reguladora das axudas, que se recolle tamén na Base 1ª e na Base 4ª *“Non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras que fosen contratadas, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas”.* Polo tanto o



Concello de Mazaricos

candidato Jesús Manuel Vilas Trillo non pode volver a ser contratado ao abeiro deste programa dado que foi a persoa seleccionada e contratada na convocatoria AprolRural 2021.

Tendo en conta que o candidato Sergio Otero Moledo achega copia de alta como traballador por conta allea.

Visto que, segundo a documentación recollida no expediente as demais persoas candidatas, do listado remitido pola oficina de emprego, presentaron a súa solicitude, o cadro de persoas admitidas/excluídas é o sinalado no ANEXO I.

Pola presente, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe PROVISIONAL de persoas admitidas/excluídas no citado proceso selectivo que figura como anexo a esta resolución e darlle publicidade a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e da web municipal no día de hoxe, 7 de xuño de 2022.

ANEXO I

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS/EXCLUIDAS NO PROCESO SELECTIVO DE 1 PEÓN DE MANTEMENTO DE VÍAS PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS E CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (APROL RURAL 2022)

Listado de admitidos

- ISOLINO ANTELO RODRIGUEZ
- JOSE CARLOS ANTELO PARIS
- JAIME CIVES MOLINOS
- MANUEL DEL RIO CAAMAÑO
- ALEXANDRE RODRIGUEZ RAMOS
- ZOILA SANTIAGO RODRIGUEZ

Listado de excluídos

Nome	Causa
RAFAEL TRILLO CARREIRA	Presenta declaración de non poder acreditar o nivel de estudos
MANUEL CASTRO RODRIGUEZ	Presenta declaración de non poder acreditar o nivel de estudos
JESUS MANUEL VILAS TRILLO	Incompatibilidade para participar nesta convocatoria (artigo 14.2 da Orde reguladora das axudas, Base 1ª e Base 4ª)
SERGIO OTERO MOLEDO	Incompatibilidade para participar nesta convocatoria por estar contratado por conta allea.